

## **BASES DO II CONCURSO DE DECORACIÓN DE FACHADAS DE SAMAIN CON VISION DESDE A VÍA PÚBLICA**

### **1. OBXECTIVO**

O Concello de San Cibrao das Viñas, presenta o II Concurso de Decoración de Fachadas de Samain dirixido ós colectivos e particulares do municipio de San Cibrao das Viñas, cos seguintes fines:

- Colaborar e fomentar un ambiente tenebroso e divertido, co uso de motivos relacionados coa festividade de Samain e baseado en valores como o traballo común e a cooperación.
- Dinamizar a participación activa dos/as cidadáns de San Cibrao das Viñas.
- Dar protagonismo activo ós mozos do noso Municipio.

### **2. PARTICIPANTES:**

Poderán participar neste concurso, todas aquelas persoas empadroadas que realicen a súa montaxe no seu balcón, ventá, porta, fachada da casa ou xardín..., na parte que dea a vía pública e ten que ser do domicilio da persoa que se presenta a este concurso.

O Concello de San Cibrao das Viñas poderá utilizar as fotografías presentadas no concurso para publicacións de diversos formatos.

Este concurso limitase ó Concello de San Cibrao das Viñas

### **3. COMO PARTICIPAR**

Para participar no concurso deberán enviarse, dúas fotografías da decoración por concursante, ó correo electrónico [cultura@sancibrao.es](mailto:cultura@sancibrao.es).

Calquera dubida en relación ás bases, pódense solucionar chamando ó tlf 988381034.

---

**Concello de San Cibrao das Viñas**

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101



Todas as fotografías das decoracións que envíen deben contar con:

- a) Título (a casa, balcón, ventá, fachada debe estar en San Cibrao das Viñas)
  - b) Nome e apelidos da persoa que a envía
  - c) Número de teléfono de contacto
  - d) Lugar onde se habita actualmente
  - e) D.N.I (fotografía ou fotocopia)
  - f) Estar empadroado e ser maior de idade.
  - g) A fotografía ten que ser actual, orixinal e inédita, non poderá presentarse a outros concursos.
  - h) Se a fotografía resulta premiada non poderá presentarse a outros certames.
- O prazo de admisión finaliza o mércores día 06 de novembro de 2024 ás 23:59 h.

#### **4. TEMA:**

Decoración de Samain das súas fachadas, balcóns, exteriores, ventás, etc...que dean á vía pública.

#### **5.- FALLO DO XURADO:**

As cualificacións das fotografías das decoracións serán determinadas polo Xurado do concurso, que estará formado por:

Presidenta: - Alcaldesa do Concello ou persoa que a substitúa

Vogais: - Concelleira da Área de Cultura e da Área de Muller do Concello de San Cibrao das Viñas, dous membros da comisión organizadora do Concurso e unha persoa designada entre as Asociacións de Veciños do Concello.

Secretario: Actuará como secretario un dos membros da comisión organizadora.

Os criterios de avaliación do xurado serán a creatividade, orixinalidade e grao de terror polo Samain.

Modo de valoración:

---

**Concello de San Cibrao das Viñas**

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101



Cada membro do Xurado valorará os seguintes criterios:

<i>GRADO DE TERROR</i>	<i>25 Puntos</i>	<i>25 %</i>
<i>ORIXINALIDADE</i>	<i>25 Puntos</i>	<i>25 %</i>
<i>CREATIVIDADE</i>	<i>25 Puntos</i>	<i>25 %</i>
<i>EMPREGO DE MATERIAL RECICLADO</i>	<i>25 Puntos</i>	<i>25 %</i>
<i>TOTAL</i>	<i>100 Puntos</i>	<i>100%</i>

No suposto de empate, procederase a unha segunda puntuación.

Os premios poderán ser declarados desertos polo Xurado do concurso.

A selección dos gañadores será a discreción absoluta do xurado e o seu fallo será definitivo e inapelable. A participación no concurso implica a aceptación de todas e cada unha das bases do mesmo. A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nas bases e reservase o dereito de modificar algún dos anteriores puntos por causas de forza maior.

O participante, polo mero feito de participar, acepta integramente as presentes bases.

Calquera circunstancia non recollida nas bases será resolta pola organización

O fallo do xurado realizarase o 18 de novembro de 2024 e farase público sobre as 20:00 horas do día seguinte.

## **6.- PREMIOS**

Concederanse os seguintes premios, con cargo á partida orzamentaria 338-480 do orzamento do ano 2024, por un importe máximo de 825,00 euros

Concederanse os seguintes premios:

- 1º premio.....200 euros
- 2º premio.....175 euros
- 3º premio.....150 euros
- 4º premio.....125 euros
- 5º premio..... 100 euros
- 6º premio.....75 euros

San Cibrao das Viñas, á data da firma electrónica

A concelleira,

Ana Mª Moreiras Vázquez

---

**Concello de San Cibrao das Viñas**

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101

